

## NORMAS PARA O REXISTRO DE PARELLAS NON CASADAS

O libre desenvolvemento da personalidade e da igualdade ante a Lei, que constitúen principios fundamentais do noso ordenamento xurídico e social, demandan de todos os poderes públicos a promoción das condicións para que esa liberdade e igualdade dos cidadáns e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, debendo ser removidos os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude (arts. 1.1, 9.2, 10.1 e 14 da Constitución Española).

Todo home e toda muller, no libre e lexítimo exercicio da súa autonomía persoal, teñen dereito a constituír, mediante unha unión afectiva e estable, unha comunidade de vida que, completada ou non con fillos, dea lugar á creación dunha familia, cunha protección social, económica e xurídica que deben asegurar os poderes públicos (art. 39.1 da Constitución).

O matrimonio é a forma institucionalizada na que historicamente se manifestou esa unión afectiva e estable, pero hoxe os modos de convivencia exprésanse de maneira moi plural e existen moitas parellas que optan, ou se ven obrigadas, por establecer a súa comunidade permanente de vida —é dicir, por crear unha familia— á marxe do matrimonio, sen que por iso deban estimarse de peor calidade humana e social as súas relacións persoais ou de menor entidade xurídica as súas obrigas paterno-filiais.

Esas parellas —que constitúen unións non matrimoniais— e as familias que delas derivan deben gozar da mesma protección social, económica e xurídica que as unións matrimoniais e as familias por elas orixinadas, a fin de garantir o respecto e a promoción dos anteditos principios fundamentais de libre desenvolvemento da personalidade e da igualdade de todos os cidadáns.

Esa protección constitucional debe acadar, polos mesmos fundamentos, as unións estables e afectivas constituídas por parellas do mesmo sexo, unha vez superados os inxustificables reparos morais que viñeron marxinando, e incluso criminalizando, a quen pola súa conxénita orientación sexual demandan unha vida en común con outra persoa do mesmo sexo, situación absolutamente ignorada aínda no noso ordenamento xurídico.

La resposta legal e xudicial a esta realidade social de unións non matrimoniais é tímida, vacilante, incompleta, fragmentaria e, en demasiadas ocasións, contradictoria, e iso supón para moitos cidadáns situacións de auténtico desamparo xurídico e de penosas inxustizas en ámbitos tan distintos coma o civil, o administrativo, o fiscal, o social o penal.

A esixencia constitucional de igualdade e de liberdade está dirixida a todos os poderes públicos e por iso, e mentres non se promulguen as disposicións legais pertinentes, e sen prexuízo da aplicación analóxica ou dunha interpretación xudicial acorde á realidade social do noso tempo (arts. 3 e 4 do Código Civil), parece procedente ofrecer, aínda no reducido ámbito da Administración Municipal, un instrumento xurídico que favoreza a igualdade e garanta a protección social, económica e xurídica das familias constituídas mediante unións non matrimoniais.

A tal efecto establécense as seguintes normas:

### Artigo 1

Créase no Concello de Ferrol o REXISTRO MUNICIPAL DE PARELLAS NON CASADAS que terá carácter administrativo e efectos unicamente para o desenvolvemento da acción pública promocional e prestacional municipal en calquera ámbito da vida política, económica, cultural e social no que se proxecten as competencias ou potestades locais. A inscrición neste Rexistro será voluntaria.

### Artigo 2

No REXISTRO MUNICIPAL DE PARELLAS NON CASADAS inscribíranse voluntariamente as declaracións de constitución de unións non matrimoniais de convivencia entre parellas, incluso do mesmo sexo, tal inscrición terá vixencia dun ano a contar dende a data de alta no rexistro se antes non se produce a baixa a petición de calquera dos membros que forman a parella.

Transcorrido o ano, se á parella lle interesa continuar no rexistro haberá que solicitar a súa inscrición novamente.

### Artigo 3

As inscricións que poidan practicarse no REXISTRO MUNICIPAL DE PARELLAS NON CASADAS, serano a instancia conxunta dos dous

membros da unión non matrimonial, que deberán ser maiores de idade ou menores emancipados, non estar declarados incapaces e non ser entre si parentes por consanguinidade ou adopción en liña recta ou por consanguinidade en segundo grao colateral. Polo menos un dos membros da unión deberá estar empadroado no Municipio de Ferrol.

#### **Artigo 4**

A publicidade do REXISTRO MUNICIPAL DE PARELLAS NON CASADAS quedará limitada exclusivamente á expedición de xustificacións de altas e de baixas a instancia de calquera dos membros da unión interesada o dos Xuíces e dos Tribunais de Xustiza.

#### **Artigo 5**

O REXISTRO MUNICIPAL DE PARELLAS NON CASADAS estará a cargo da Unidade Administrativa que a Alcaldía determine. As xustificacións de altas e de baixas que se expidan serán totalmente gratuítas.

#### **Disposición final**

O presente Rexistro entrará en vigor, unha vez aprobado polo Pleno Municipal, o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, procedéndose tamén á súa publicación no Diario Oficial de Galicia”.

Aprobadas polo Pleno Municipal o día 25.11.1994, acordo feito público a través de Edictos publicados no BOP. Nº 299 do 31.12.1994 e DOG Nº 24 do 03.02.1995.

## MODIFICACIÓNS

O Excmo. Concello Pleno, en sesión celebrada o día 29 de maio de 2003, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

### PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DAS NORMAS PARA A CREACIÓN E FUNCIONAMENTO DO REXISTRO MUNICIPAL DE PARELLAS NON CASADAS

Examinada a proposta que eleva a Comisión Informativa de Asuntos Sociais, Muller e Mocidade, que textualmente di:

O Concello-Pleno en sesión realizada o día 25.11. 1994 aprobou as normas para a creación e funcionamento do Rexistro Municipal de Parellas Non Casadas.

No artigo 3º se sinalaba que “polo menos un dos membros da unión debería estar empadroadado no municipio de Ferrol”.

Na actualidade e co obxecto de evitar matrimonios de conveniencia que podan contribuír a crear ou manter situacións de marxinalidade nas mulleres vese necesario que se modifique o devandito artigo e se engada un novo artigo á inscrición no Rexistro de Parellas Non Casadas de persoas procedentes de países non comunitarios.

A Comisión de Asuntos Sociais, Muller e Mocidade dictaminou favorablemente, por unanimidade, propoñerlle ó Concello Pleno que acorde o seguinte:

1.- Modificar o artigo 3º das devanditas normas que quedaría redactada como segue: *Os dous membros da unión deberán estar empadroados no municipio de Ferrol e no mesmo enderezo.*

2.- Engadir un novo artigo relativo á inscrición de parellas non casadas das persoas procedentes de países non comunitarios que quedaría redactado como segue:

*Poderán inscribirse aquelas persoas titulares dos permisos de residencia ou traballo que se relacionan e durante a súa vixencia sempre que estean en posesión do número de identificación de estranxeiros/as:*

- a) *Permiso de traballo tipo A cunha duración superior a 90 días e que*

*conleva a concesión do permiso de residencia.*

- b) *Permiso de traballo b, B, C, d, D e E. Permiso de traballo permanente. Vixencia indefinida. Recoñecemento da exceptuación á necesidade de obter permiso de traballo dun período superior a 90 días que conleve a concesión do permiso de residencia.*
- c) *Permiso de residencia (inicial, ordinario e permanente non lucrativos) que, segundo a clasificación que se establece no artigo 40 do RD 864/2001 do 20 de xullo sobre dereitos e liberdades dos/das estranxeiros/as en España son os seguintes: permiso temporal e permiso permanente.*

*Así mesmo pódense inscribir como parella e permanecer inscritos/as os/as titulares de permisos de traballo b, B e C xa caducados que acrediten a solicitude de renovación dun permiso de residencia; as persoas que acrediten a solicitude de renovación dun permiso de traballo; os/as titulares de permisos C e D durante os tres meses posteriores á data de expiración e por último as persoas titulares de permisos permanente ou extraordinarios aínda que caducasen as tarxetas que documentan as ditas autorizacións.*